

9-6-2014

INFORME TÉCNICO

ASUNTO: VALORACIÓN DAS PROPOSTAS PRESENTADAS E INCLÚIDAS NO SOBRE 3 PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE VIXILANCIA DO ESTADIO MUNICIPAL DE SAN LÁZARO.

A petición da mesa de contratación realízase o presente informe de valoración sobre o asunto arriba indicado, considerándose as seguintes ofertas: as de empresa SERVICIOS DE SEGURIDADE INTEGRAL E MANTENEMENTOS A-1, S.L. e a de EULEN SEGURIDAD S.A.

Para avaliar as propostas das empresas anteriormente citadas tense en conta o establecido no punto 10.3 do prego de cláusulas administrativas onde se recollen os criterios de adxudicación avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes, debendo considerarse o seguinte:

1.- MELLOR OFERTA ECONÓMICA: 20 PUNTOS

Darase a mellor puntuación ao licitador que oferte o prezo máis baixo e e aplicarase ao resto das ofertas a seguinte fórmula para calcular a súa puntuación: $P_n = (P_m \times O_b) / O_n$. Onde:

P_n : puntuación da oferta

P_m : puntuación máxima posible (20 puntos)

O_b : importe da oferta máis baixa

O_n : importe da oferta a puntuar

2.- MELLORAS GRATUIRAS OFERTADAS NA PRESTACIÓN DO SERVIZO: 5 PUNTOS.

As melloras a ter en conta que deberán vir valoradas economicamente serán "a oferta de horas a maiores de prestación do servizo a través dun vixiante de seguridade sobre as mínimas definidas no prego técnico, ata un máximo de 100 horas por ano de tal xeito que a puntuación segundo a oferta sería a seguinte:

100 horas: 5 puntos

80 horas: 4 puntos

60 horas: 3 puntos

40 horas: 2 puntos

20 horas: 1 punto

En atención ao comentado e unha vez valorada a documentación entregada por parte das empresas en cuestión, os técnicos que suscriben informan o seguinte:

1.- Oferta económica: 10 puntos

A empresa SERVICIOS DE SEGURIDADE INTEGRAL E MANTENEMENTOS A-1, S.L. oferta a cantidade de 63.485 € máis iva (13.331,85 €).

A empresa EULEN SEGURIDAD S.A., oferta a cantidade de 64.922,26 €, máis iva (13.633,67 €).

2.- Melloras ofertadas na prestación do servizo: 5 puntos

Ambas ofertas recollen o número de horas máximas recollidas no prego, é dicir, 100 a maiores na prestación dun vixiante de seguridade sen cargo para o Concello

En consecuencia, a puntuación total considerados os dous apartados incluídos nos criterios de adxudicación avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes sería a seguinte:

	OFERTA ECONÓMICA		MELLORAS		TOTAL
	OFERTA	PUNTOS	OFERTA	PUNTOS	
A1	63.485,00 €/ano	20,00	100 horas/ano	5	25 puntos
EULEN	64.922,26 €/ano	19,56	100 horas/ano	5	24,56 puntos


RESUMO FINAL DA Puntuación

EMPRESA	SOBRE 2	SOBRE 3	TOTAL
SERVICIOS DE SEGURIDADE INTEGRAL E MANTENEMENTOS A-1, S.L.	9,80 puntos	25 puntos	34,80 PUNTOS
EULEN SEGURIDAD S.A.	7,85 puntos	24,56 puntos	32,41 PUNTOS


En consecuencia, a mellor puntuación corresponde á empresa SERVICIOS DE SEGURIDADE INTEGRAL E MANTENEMENTOS A-1, S.L. que ascende a 34,80 puntos.

É canto temos que informar salvo opinión mellor fundada.

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2014.



Asdo: Luis Alberto López García
Inspector Técnico de Servizos



Asdo: Juan C. Garabato Rodríguez
Técnico en Programación e Xestión Deportiva